

Á atención de:

Dna. Carmen Pomar Tojo  
Consellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional  
Edificios administrativos - San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

O día 18 de agosto, na Casa da Cultura de Redondela, reúnen-se as ANPAS da EEI A Marisma, EEI de San Pedro, EEI de Ventosela, CEIP de Quintela, CEIP Outeiro das Penas, CEIP Igrexa - Chapela, CEIP Alexandre Bóveda, CEIP de Cedeira, CEIP Porto Cabeiro, CEIP de Reboreda, CEP Santa Mariña, IES de Chapela, IES Illa de San Simón e IES Mendiño.

Ante a publicación, con data 22 de xullo de 2020 por parte da Consellaría de Educación do *Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021* diversas federacións de ANPAS como FANPA, FOANPA ou A Gameliña teñen mostrado publicamente a súa preocupación por certos aspectos e implicacións do seu contido. As ANPAS de Redondela asinantes deste escrito queremos sumarnos a estas reivindicacións e facer pública unha serie de consideracións, resolucións e demandas.

As ANPAS asinantes realizamos as seguintes **CONSIDERACIÓNS**:

1. As ANPAS son Asociacións de Nais e Pais de Alumnos, e, por definición, somos entidades sen ánimo de lucro . Entre os nosos propósitos atópanse:
  - a. Representar ás nais e pais do alumnado.
  - b. Defender os intereses das familias do alumnado.
  - c. Promover das autoridades competentes, a adopción das medidas necesarias para a mellora permanente da educación do alumnado e do centro educativo.
  - d. Participar , colaborar e cooperar co centro en todo aquilo que nos soliciten.
2. Dende fai anos, as ANPAS vimos organizando e xestionando as chamadas actividades extraescolares e servizos complementarios (aula matinal e comedores) de forma altruísta. Estas actividades son esenciais para a conciliación laboral e familiar e un apoio social e económico indiscutible para multitude de familias redondelás. Non debemos esquecer estas que as ANPAS estanse a responsabilizar de actividades competencia das Administracións Públicas.
3. A organización e xestións de ditas actividades no contexto da pandemia provocada pola COVID-19 supón a asunción de responsabilidades que as ANPAS abaixo asinantes non están dispostas a asumir. O antedito *Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021* asume que as ANPAS e, en última estancia, as directivas e a presidencia das mesmas son as responsables últimas das actividades e servizos complementarios que organicen.

En relación a estas consideracións, **DEMANDAMOS** á Xunta de Galicia que:

1. Deixe por escrito no *Protocolo de adaptación o contexto da COVID19 nos centros de ensino non universitario da Consellería de Educación* que a responsabilidade de todo o acontecido e as consecuencias sanitarias da adaptación do Protocolo COVID19 será da Administración autonómica (educativa ou sanitaria) que é a autora deste Protocolo e non as ANPAS.
2. Redacte un protocolo concreto sanitario e de distribución dos espazos axeitados (validado por inspector sanitario ou persoal equivalente da Consellería) e específico para cada un dos centros de ensino no que se refire a:
  - Aulas matinais: entradas e saídas, grupos de convivencia, materiais de desinfección etc.
  - Comedores escolares: horario de inicio, quendas asumibles, monitoraxe necesaria para cumprir o protocolo, grupos de convivencia, aulas ou espazos utilizables, xeles hidroalcohólicos etc.
  - Actividade extraescolar: especificar o tipo de actividade que se pode realizar.
3. Forneza cos recursos necesarios de tipo material para levalos a cabo, cumprindo o protocolo específico e os recursos humanos necesarios para cumprimentar as quendas e atender o alumnado NEAE (coidadores/as para alumnado NEAE).
4. Estude vías de organización e xestión pública das actividades extraescolares e servizos complementarios que liberen ás ANPAS dunha responsabilidade que non lles compete.

Ata que estas demandas non teñan resposta **RESOLVEMOS** que:

1. As ANPAS asinantes non van realizar ningunha actividade presencial das que se tiñan previstas para o vindeiro curso 2020/2021, incluíndo aula matinal, comedor e actividades extraescolares.
2. As directivas das ANPAS non poden asumir a responsabilidade dun posible contaxio por coronavirus dalgunha das crianzas usuarias de calquera das actividades organizadas pola mesma.
3. Enviar o presente escrito á Consellaría de Educación da Xunta de Galicia e ao Concello de Redondela.

Somos conscientes da gravidade da nosa decisión e das molestias que poden causar ás familias beneficiarias das actividades que vimos organizando durante todos estes anos de vida das ANPAS. Non podemos máis que lamentar a nosa decisión, mais a vulnerabilidade xurídica na que nos coloca a Xunta de Galicia é inasumible polas nosas entidades.

O noso compromiso é o de procurar e construír canles de diálogo coas administracións autonómica e local e ofrecer solucións á problemática xurdida tras a publicación do *Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021*.



ANPA do CEIP Igrexa Chapela



ANPA do CEP Santa Mariña




ANPA do CEIP Outeiro das Penas




ANPA IES Paulina Sánchez Otero do IES Illa de San Simón




ANPA Bolboreta do CEIP Reboreda



ANPA do IES Chapela



ANPA do CEIP de Quintela



ANPA da EEI A Marisma



ANPA Os Muiños CEIP Alexandre Bóveda



ANPA da EEI San Pedro




ANPA do CEIP de Cedeira



ANPA do CEIP Porto Cabeiro



ANPA da EEI de Ventosela



ANPA do IES Mendiño

